



**XUNTA
DE GALICIA**

**CENTRO PÚBLICO
INTEGRADO de
COVA TERREÑA**



A233

Biblioteca escolar dinamizada e integrada na vida do centro

Curso 2024/25

Índice

1. Finalidade.....	3
2. Obxectivos.....	3
3. Responsables.....	3
4. Formación.....	4
Formación ao profesorado responsable.....	4
Formación ao resto de persoas usuarias.....	4
5. Alumnado implicado.....	4
6. Espazos para a aplicación das actividades.....	5
7. Recursos e custos.....	6
8. Secuenciación das tarefas a levar a cabo.....	6

1. Finalidade

A biblioteca do centro educativo é un espazo que se postula como un apoio para toda a comunidade educativa para lograr que o alumnado acade os obxectivos e adquira as competencias de cada unha das tres etapas educativas coas que conta o CPI de Cova Terreña.

As actividades aquí propostas pretenden dar resposta ás dificultades que poida presentar o alumnado, tanto no aspecto académico como na convivencia do centro, traballando a diversidade en todos os ámbitos. Ademais, a achega de diferentes fondos e recursos, coas diferentes actividades contribúese a reducir as desigualdades sociais.

2. Obxectivos

- a) Promover o uso da biblioteca como fonte de información e recursos para as distintas etapas educativas do centro.
- b) Fomentar a cohesión social do alumnado e do resto da comunidade educativa a través de diferentes actividades.
- c) Incrementar o uso da biblioteca, tanto nos tempos de lecer (recreos e tardes), como nos períodos lectivos, constituíndose como un espazo de comunicación e aprendizaxe.
- d) Manter actualizada a colección da biblioteca, eliminando os exemplares que xa non cumpran os criterios establecidos e incorporando obras que poidan resultar de interese.
- e) Promover a lectura autónoma entre o alumnado, fomentando un espírito crítico que lle permita unha selección óptima das obras.

3. Responsables

As actividades de dinamización da biblioteca serán coordinadas pola responsable da mesma, Iria Chapela. O resto do equipo de apoio conta con profesorado das tres etapas educativas, o cal permite desenvolver actividades concretas segundo as necesidades.

En colaboración coa secretaria do centro, María del Carmen Álvarez, xestiónanse os fondos económicos para dar resposta ás diferentes actividades.

Todos os cursos de Ed. Infantil e Primaria contan cunha sesión semanal na que o alumnado pode acceder á biblioteca para facer uso dela, baixo a responsabilidade das persoas titoras.

O resto da comunidade educativa, como participantes nas distintas actividades realizadas, teñen unha responsabilidade en maior ou menor medida. Destacan as colaboracións que se establecen cos membros da ANPA, como nas sesións de Cine na Biblio ou as Familias contacontos.

4. Formación

A formación estará destinada, por unha banda, ao profesorado responsable das actividades da biblioteca e, por outra, ás persoas usuarias:

Formación ao profesorado responsable

A biblioteca contará cunha liña no PFPP destinado á formación na dinamización da lectura. Nesta liña de formación pódese anotar o profesorado que pertence ao equipo de biblioteca, mais tamén o que non pertence, polo beneficio directo para o alumnado que iso supón.

Así mesmo, a persoa responsable da biblioteca acudirá ás xornadas de bibliotecas escolares e ao Encontro de PLAMBE.

Formación ao resto de persoas usuarias

Na formación inicial de persoas usuarias, ademais de recordar as normas de uso e funcionamento, procédese ao reparto dos carnés lectores entre o alumnado de 1º Primaria e Secundaria e o de nova incorporación noutros cursos. Con este carné tamén se pode acceder á plataforma E-LBE.2 que permite o acceso a numerosos recursos dixitais, polo que la formación fará especial fincapé no seu manexo. Favorécese así o acceso de todos os membros do centro a diferentes obras publicadas.

Para toda a comunidade educativa, facilítase unhas instrucións básicas de acceso ao E-LBE.2, cun manual ao que se pode acceder dende a páxina web do centro.

O alumnado recibirá unha formación no uso dos recursos da biblioteca e no manexo da Internet ao longo do curso, facendo especial fincapé na busca de información en diferentes páxinas web.

5. Alumnado implicado

As actividades desenvoltas dende a biblioteca teñen como destinatarios a todo o alumnado do centro. Porén, hai colectivos e grupos que van ter unha maior implicación en diferentes actividades, como poden ser:

- Alumnado que participa en concursos temáticos de busca de información (Buscas do tesouro), atraendo con estas accións alumnos e alumnas con outras inquiredanzas, mesmo con altas capacidades.
- Alumnado que participa no Concurso de Dobble, que non gusta da lectura pero si das actividades máis lúdicas ofrecidas dende a biblioteca.
- Alumnado de menor idade, receptor de actividades como os contacontos a cargo das familias e das lecturas compartidas.
- Alumnado con baixos recursos económicos, xa que se lle permite o acceso a unha gran cantidade de fondos bibliográficos.

6. Espazos para a aplicación das actividades

A biblioteca do centro conta con 65m² útiles distribuídos en diferentes zonas:

- Zona de estudo e traballo, con mobiliario móbil.
- Zona de lectura tranquila, co piso de tarima e coxíns que fan máis cómoda a actividade.
- Zona lúdica, con variedade de xogos e bancadas móbiles.

Os fondos bibliográficos atópanse distribuídos segundo a CDU e as idades recomendadas. Destaca a etiquetaxe por cores que facilita a rápida identificación das lecturas axeitadas:

- ✓ Vermello: Todos os públicos.
- ✓ Verde: A partir de 3º Ed. Primaria.
- ✓ Amarelo: A partir de 5º Ed. Primaria.
- ✓ Sen cor: Ed. Secundaria e adultos.

As aulas contan con espazos específicos que aloxan bibliotecas de aula, que se nutren dos propios fondos da biblioteca central a través de préstamos baixo petición.

Dispoñemos ademais de espazos para anunciar as novidades, tanto dentro da propia biblioteca como na sala do profesorado.

Na páxina web do centro dispoñemos dun blog no que se publican noticias diversas: concursos, actividades realizadas, recomendacións de lectura, etc. Emprégase tamén carteis distribuídos por distintos espazos para anunciar as actividades.

7. Recursos e custos

Os recursos empregados poden clasificarse en:

- Recursos tecnolóxicos: a biblioteca conta cun ordenador e un proxector que se emprega para as sesións de Cine na Biblio. Tamén dispoñemos de oito equipos informáticos portátiles con acceso á rede Wifi para o seu uso libre. Outra das actividades que se levará a cabo é a gravación de *podcasts* na radio do centro.
- Recursos materiais: Entre os fondos bibliográficos, destacan libros informáticos, de ficción e revistas como o Papagaio e a revista Historia do National Geographic.
- Recursos humanos: Hai un equipo de biblioteca que dispón de tempo no seu horario para atender as diferentes actividades da biblioteca, incluída a xestión dos préstamos.

8. Secuenciación das tarefas a levar a cabo

A continuación detállanse as actividades que se desenvolverán ao longo do curso:

Actividade	1P	2P	3P
Formación inicial de usuarios	X		
Visita á Biblioteca Pública Municipal	X		
Hora de ler	X	X	X
Mochila viaxeira	X	X	X
Lecturas compartidas	X	X	X
Club de lectura Baideler	X	X	X
Buscas do tesouro	X	X	X
Radio	X	X	X
Exposicións	X	X	X

Cine na Biblio	X	X	X
Visitas de autores/as	X	X	X
Concurso de relatos de Samaín	X		
Caza da gralla		X	
Concurso de Dobble		X	
Familias contacontos		X	

Detalle das actividades arriba indicadas:

- Buscas do tesouro: Para traballar o PDI do centro, organízanse unha serie de buscas do tesouro temáticas. Ademais de exposicións con material diverso, propóñense unha serie de retos para os cales se debe buscar a solución. Co obxectivo de traballar a alfabetización informacional, escóllese o material de busca na rede, acoutando as páxinas web para favorecer a aprendizaxe. Entre todas as persoas participantes, sortéase un premio en cada busca do tesouro realizada . Para dar soporte a esta actividade, mércanse obras adaptadas ás distintas idades que temos no centro (dende Ed. Infantil ata Ed. Secundaria). Lógrase deste xeito achegar a literatura á rapazada, que accede a ela a través tanto de lecturas guiadas coma autónomas.
- Radio: en colaboración co Equipo de Polos Creativos, gravaranse diferentes *podcasts* con recensións de libros, recomendacións, etc. Ademais da propia gravación, esta actividade require un traballo previo para preparar a escaleta, ensaiar os ritmos e tonos entre outros aspectos importantes.
- Visita á Biblioteca Pública Municipal: O alumnado de 1º ESO visita a Biblioteca Pública Municipal da man da propia bibliotecaria. Esta actividade permítelles coñecer este importante recurso á súa disposición. Xunto coas reunións mantidas ao longo do curso ao abeiro da Comisión de Biblioteca do Consello Escolar, permítenos manter unha relación de colaboración coa que atallamos diferentes problemáticas, como ofrecer espazos de traballo para atender as diferentes necesidades.

- Hora de ler: está incorporada no día a día na escola. En Ed. Primaria, hai un período diario de vinte minutos dedicados en exclusivo á lectura. En Ed. Secundaria, a hora lectiva semanal está asignada aos Departamentos de Lingua castelá e Literatura en 1º de ESO e en 2º na disciplina de Lingua galega e Literatura. Nos niveis de 3º e 4º esta sesión semanal ten un carácter rotativo para que incida en todas as materias. Este tempo de lectura é preparado por cada docente cunha serie de tarefas que permitan dinamizar a actividade e corroborar a lectura comprensiva do material proposto. Nun grupo de 3º ESO levouse a cabo unha proba piloto na cal se realizou unha lectura durante 10 minutos na mesma franxa horaria ao longo da semana, con carácter rotativo. Rematada a experiencia, valorouse moi positivamente o feito de compartir a mesma lectura en voz alta para facer análises e comentarios. A Biblioteca do centro proporciona os recursos e materiais para atender esta actividade sempre que é preciso.
- Mochila viaxeira: Cada aula conta con material seleccionado segundo as idades e sobre un tema de interese. Durante unha semana, cada alumno e alumna pode desfrutar dos recursos achegados, contribuíndo desta maneira a eliminar diferenzas sociais.
- Club de lectura Baideler, con alumnado de 1º e 2º ESO (moi activo nas reunións e actividades) e outro de persoas adultas, que integra profesorado, persoal non docente e familias. As sensacións en ambos grupos son positivas, creando un ambiente de grupo que permite integrar diferentes inquiredanzas.
- As lecturas compartidas realízanse de forma trimestral. Teñen como obxectivo principal o fomento da lectura pero tamén traballar aspectos tan nucleares como a convivencia e o respecto. Os alumnos e alumnas de Ed. Secundaria exercen de padriños e madriñas dos nenos e nenas de Ed. Infantil e Primaria. Durante o recreo (Primaria ou Secundaria de forma rotativa) emparéllanse e comparten un libro, que é levado por un ou outro membro da parella. Esta actividade ten un gran impacto na comunidade educativa xa que a pesar de ter unha duración limitada no tempo, consegue unir esforzos para motivar a lectura.

- Concurso de microrrelatos de medo, en colaboración co EDLG, con motivo do Samaín. Participa alumnado de 3º Ed. Primaria a 4º Ed. Secundaria no mes de novembro.
- Caza da gralla: con dúas categorías, unha para o alumnado e outra para as persoas adultas da comunidade educativa. Permite buscar faltas de ortografía na contorna para corrixilas, durante os meses de abril e maio.
- Concurso de Dobble: Para o alumnado de Ed. Secundaria e o profesorado, durante os recreos, celébrase unha liga de clasificación e unha fase eliminatoria posterior. Esta actividade contribúe enormemente a mellorar a convivencia, establecendo relacións máis alá da práctica docente moi positivas. Ademais, atrae á biblioteca alumnado que non adoita facer uso dos servizos da mesma.
- Visitas de autores e autoras, que motivan ao alumnado para a lectura das obras e permiten coñecer máis polo miúdo as características do proceso literario.
- Exposicións relativas a datas sinaladas, como o Samaín, o nadal, o 8M ou o 11F, achegando material á comunidade educativa que pode ser de interese.
- Cine na Biblio: con filmes relacionados co PDI do centro, permite crear un ambiente lúdico que contribúe a mellorar a convivencia.
- Familias contacontos: con motivo da celebración do Día do Libro, convídase ás familias a facer de contacontos nas aulas do alumnado máis novo do centro, fomentando deste xeito a súa implicación na vida diaria do centro.